

O nacionalismo galego, hoxe

Introdución ao ideário e principios programáticos do BNG

Limiar

Un dos nosos obxectos fundacionais é difundir o pensamento político das persoas e entidades que traballan pola consecución da soberanía da nación galega, o progreso social e a profundización da democracia na perspectiva de acadar unha sociedade galega e mundial máis libre, xusta e solidaria.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG), como principal expresión política do nacionalismo galego contemporáneo, acadou en case vinte anos de existencia uns niveis de representatividade e apoio social que o colocan nunha posición determinante no panorama político de Galiza. Catrocentos mil votos avalan á altura de hoxe a súa alternativa de goberno e milleiros de galegos e galegas participan activamente no seu proxecto e iniciativas políticas.

Muitos cidadáns de dentro e fóra de Galiza amosan interese pola experiencia do BNG. Na Fundación Galiza Sempre queremos facilitar este achegamento recollendo nesta publicación as súas principais liñas ideolóxicas e programáticas, os seus principios organizativos e unha cronoloxía da traxectoria seguida desde a súa constitución en 1982. Agardamos que este esforzo divulgativo permita coñecer de primeira man as ideas que sustentan a práctica social e institucional desta forza política peculiar que combina un sistema de militancia individual-organizada en Asembleas- coa existencia de partidos e colectivos diversos nunha estrutura frentista que posibilitou a unión da pluralidade existente no nacionalismo galego.

Os textos publicados forman parte dos documentos das Asembleas Nacionais celebradas polo BNG en Ferrol (1995), Ourense (1998) e Santiago (2001) e refírense basicamente a cuestións centrais dos principios políticos fundacionais -aprobados na Asemblea de A Coruña de 1982- e ás reflexións organizativas que pretenden alentar a militancia na organización nacionalista. É unha visión introdutoria na que non teñen cabida moitas outras análises e posicións sobre temas de actualidade que, coidamos, son máis accesibles e desbordarían o propósito desta iniciativa.

Somos conscientes de que a síntese pode resultar, en ocasións, esquemática e simplificadora mais enfrentamos ese risco convencidos de que cómpre combater a manipulación ideolóxica e os estereotipos mediáticos espallando pensamentos que son, con demasiada frecuencia, caricaturizados. Animamos, en todo caso, a lectores e lectoras a profundar no coñecemento dos conceptos e datos aquí recollidos.

Fundación Galiza Sempre

Maio de 2001

ÍNDICE

BNG. ESCOLMA DE TEXTOS ASEMBLEARIOS

Ideário e principios programáticos

Elementos de identidade
Autodeterminación e soberanía nacional
Antiimperialismo
Acción social e institucional
A estratexia política do BNG
Referéncia ao programa de goberno

Participación no traballo político e vida organizativa

Principios organizativos
Direitos e deberes da afiliación
Canles e dificultades para a participación
Relevancia do traballo militante

RESEÑA HISTÓRICA SOBRE O BNG 1982-2001

EVOLUCIÓN ELEITORAL DO BNG

BNG. ESCOLMA DE TEXTOS ASEMBLEARIOS

Ideário e principios programáticos.

Elementos de identidade

E veleiqui están as claves da súa forza e do seu trunfo na marcha avante no seo da sociedade:

En primeiro lugar, o deseño do modelo frontista e o seu axuste e correspondencia coas exixencias da realidade xenuína da Galiza. Nós non fomos miméticos, os homes e mulleres do BNG tivemos sempre moi claro, moi clariño que diría Bautista, que este é un país xenuinamente tal non porque o inventamos nós, senón porque é unha realidade xenuinamente diferenciada. É un país que forma parte da periferia europea e non do centro. É un país que foi decapitado culturalmente hai cinco séculos. É un país que non pudo normalizar a súa vida cultural, económica, social e moito menos a súa vida política nin siquer no emergullamento dos estados-nación. É un país que segue formando parte desa periferia e como tal requeria un plantexamento de forzas políticas que se axustasen a esa realidade obxectiva e o que implicaba na dinámica política do país. Ben o viron os nosos ancestros, ben o via Casal, ben o via Castelao, ben o via Luís Seoane, ben o via Quintanilla, todos eles vian perfectamente cando o Partido Galeguista se converteu nunha forza que non era simplemente un magma interclasista, senón unha forza política que tentaba, con moldes da época, vertebrar o conxunto do nacionalismo nun eixo dinámico e nun eixo ideolóxico e programático nidiamente progresista; por iso foi no 36 en Febreiro ás eleccións co Frente Popular, doutro xeito sería historicamente incomprendible; e pagou por iso, pagou ben forte. E isto entendeu o BNG, co deseño do modelo en primeiro lugar.

En segundo lugar, o instrumento para a vertebración da alianza de clases necesaria e factíbel nunha matriz pluralista, foi a combinación dos ingredientes necesarios para que na organización do BNG se pudesese vertebrar unha auténtica alianza de clases, até os confins do posíbel sen introducir dentro contradicións que fosen explosivas. Foi ese deseño de proxecto o que explica a andaina progresiva do BNG ao longo de 15 anos, doutro xeito tampouco podería ter lugar ese proceso; e nunha matriz pluralista, nunha matriz que recoñece non só a existencia de distintos grupos sociais con distintos intereses, senón tamén diferentes expresións no plano ideolóxico deses propios intereses e mesmo das diferentes culturas dentro da sociedade.

En terceiro lugar, os principios ideolóxico-políticos, cinxidos a denominadores comúns inequivocamente nacionalistas e progresistas, pero nos que están todos os necesarios e non se forzou a inclusión de nengun superfluo, base indispensable para que a apertura fose abondo, e condición indispensable tamén para que non se xerasen dentro tensións inecesarias, máis que as tensións que os propios principios dos procesos dialécticos conlevan en todo corpo social vivo.

En cuarto lugar, as regras de xogo internas. Primeiro de todo o Bloque, "*En bloque por Galiza*" di o lema desta Asemblea. Primeiro de todo o Bloque, e logo apartir de aí e desa base, o equilibrio e a elasticidade entre os seus componentes. O respecto ás ideas. Hai moi pouco respecto ás ideas no noso entorno político que tanto braman de que se somos sectarios e non se atreven a dice-lo así, claro. Hai moito máis respecto ás ideas xenuinamente nesta organización e nesta Asemblea Nacional e no proceso anterior. Acaba de perceber-se unha volta máis. A xenerosidade recíproca, sen a cal é imposible un proxecto comun. A solidariedade e a unidade de acción na práctica política, pero sempre, reitero, o Bloque por riba de todo. Non poderia ser doutro xeito. Como podiamos nós encarar-nos cos retos que temos diante agora mesmo, como teriamos nós podido desde 1982 facer a travesía do cabo das tempestades en anos en que eramos sistematicamente difamados, sistematicamente maldecidos no senso literal da palabra, nos que eramos sistematicamente asediados, nos que eleitoralmente estivemos baixo mínimos, se non houbera, se non tivese habido a combinación destas regras de xogo que acabo de indicar? (...)

En sexto lugar, outra clave: a apertura integradora. Portas abertas, proxecto comun. O BNG nunca tivo medo a abrir as portas, e especialmente a partir da Asemblea do Carballiño de 1987, levou-no á práctica política e a regras expresas estabelecidas na táctica política, e non tivo medo a abrir as portas mesmamente porque tiña un deseño de proxecto comun. Nós non podemos nunca ter medo, todo o contrario, o BNG sabe perfectamente que apartir de 1982 todo o proceso sucesivo de integración de militantes, a título individual, en continxentes diversos ou en forzas políticas previamente organizadas, non fixo outra cousa que arriquecer ao BNG, porque mesmo a dialéctica de debate cando se arriquece, arriquece-se positivamente. Non somos un magma volcánico, non somos lava. Somos unha imensa cantidade de xente que o único que non ten é ser amorfa, senón todo o contrario, somos unha organización que conseguiu o insólito feito de que, ao mesmo tempo que existen á sua vez subconxuntos organizados dentro dela, aínda ten ben a gusto ao 50% da sua militancia en forma de afiliación individual dereita ao entramado organizativo e democraticamente funcional do BNG. Por iso, a apertura integradora, as portas abertas, o proxecto comun, é algo moi importante, non ollarmos atrás. O BNG non olla para atrás, o BNG olla para a historia, que é distinto, completamente distinto e mesmo antitético, ollar para a historia e ollar para atrás. Eu mesmo comecei a miña intervención ollando para a historia, para a nosa propia historia, a historia do povo galego, facendo unha rememoración e unha releitura dunha conxuntura histórica que pudo ter feito a este país avanzar 50 anos a respecto do que somos hoxe. Máis ollar a historia e mesmamente todo o contrario de ollar para atrás, e no BNG non pedimos pedigrees, tampouco aceptamos pedigrees, no BNG pedimos lealdade, compromiso, e militancia. E aí xorden os pedigris de todos nós, homes e mulleres do BNG. Isto é o que deu lugar a que esa apertura integradora desembocase en que hoxe está absolutamente consolidado, e non de forma estática, senón de forma absolutamente dinámica, o proxecto político do BNG, e hoxe o proxecto político do BNG é xa de todos os que estamos no BNG, homes e mulleres, e distintos grupos políticos desde os fundadores até os que se foron aos poucos meses e retornaron por outro vieiro, até os recién incorporados ou en proceso de incorporación. E o BNG sempre di benvidos a todos. O BNG non esquece aquel xenial deseño de Castelao "*non lle poñades chatas a obra mentres non está rematada, hai sitio para todos nela*".

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Discurso clausura X.M.Beiras. Páxs. 55-58

Non foi doada a culminación dun proceso que precisaba vencer reticencias e receos, e mesmo esvaír suspicacias de egoísmos partidistas. Os atrancos, as desercións individuais ou colectivas, a hostilidade do sistema, a fuxida cara a terra de ninguén do ideoloxismo con vocación grupuscular, algunha que outra trompada eleitoral, non foron quen de frear o ascenso nen toller o esforzo integrador do Bloque Nacionalista Galego".

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Discurso apertura Bautista Alvarez. Páx. 5

Diciávos eu en Ferrol cales eran as claves da forza e o trunfo do BNG até enton na sua marcha avante no seo da sociedade: o deseño do modelo frentista axustado á realidade xenuina do país, a sua idoneidade para a vertebración dunha maioría social nunha matriz pluralista, os principios ideolóxico-políticos configuradores dun proxecto común inequivocamente nacionalista e progresista, a metodoloxía de traballo tanto no tecido social como nas institucións, e máis a apertura integradora aos diversos sectores nacionalista a prol dese mesmo proxecto. Permitídmeme decirvos agora, sen fachenda ningunha, que *ise é mesmamente o paradigma dun nacionalismo de esquerda, dun nacionalismo progresista*. Primeiro organizados nos movementos sociais e nos diferentes segmentos do espacio político, porque comenza por concebir e categorizar conceitualmente a nación, o feito nacional, dende o pensamento e a práctica que historicamente define á esquerda como tal. Pensar a nación dende a esquerda non consiste, sinxelamente, en aplicar receitas de esquerda para a acción política nun espacio nacional. Pensar a nación dende a esquerda consiste en arrancar de aqueles postulados que, no pensamento marxista, permitiron na historia e permiten ainda mellor hoxe levar adiante o proceso de identificación, comprensión e diagnose de toda "custión nacional" para trasladalo a un deseño ideolóxico-político que, na práctica, conduza á solución do problema, á culminación do proceso emancipador nun tempo histórico concreto. Segundo, porque concebimos o proceso de autodeterminación como unha dinámica libertaria de emancipación, e non como consolidación político-institucional do poder dunha clase dominante na estrutura social interna da nación propia. Terceiro, porque combinamos a emancipación nacional, ou sexa, a consecución dun aparello de Estado propio na instancia política, coa emancipación social, ou sexa, o logro da equidade, a xustiza e o benestar sociais. Sí, o benestar social que non é simplemente dispor de bos servizos sociais, é outra cousa moi diferente. E finalmente, porque profesamos un internacionalismo solidario: paritario e recíproco coas demais nacións do universo, a partir da propia identidade e dereitos nacionais baseados na soberanía popular, ou sexa, democrática, e máis coas clases sociais dominadas de toda a comunidade internacional e cos países espoliados e os pobos e culturas agredidos por etnocidio, xenocidio ou privación dos seus dereitos e liberdades individuais e colectivas."

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Discurso clausura X.M.Beiras. Páxs. 42-43

Hai unha semana, os discursos do Partido Popular repicaron outra vez o tópicos de sempre. ¿Quer o nacionalismo pór fronteiras, o nacionalismo dun povo obrigado a franquealas nun triste destino de emigrante? Claro que si. Están suficientemente explícitas nos principios e na praxe política do BNG. Fronteiras á expatriación do excedente económico que fanou o desenvolvemento do país. Fronteiras á invasión que destrúe os sinais da nosa identidade cultural. Fronteiras ao desmantelamento dos sectores produtivos. Á explotación, á rapiña, ao militarismo, á discriminación de xéneros, á privatización dos servizos públicos, ao império do caciquismo e da corrupción. Infelizmente, non temos fronteiras abondo para isolar a peste corrosiva da inxustiza. Pero queremos abrilas para levar a nosa mensaxe solidaria aos gettos que o capitalismo marxinator instalou en Harlam, ás vítimas da represión arxentina, aos nenos da rua do Brasil. Son as nosas máis permábeis que as fronteiras que os acólitos de Fraga teñen instaladas no corazón e na cabeza, e que os arreda incluso da Terra que os pariu. Non rexeitamos a participación armónica no concerto universal, e mesmo estamos dispostos a asumir renúncias sempre que estexan compensadas polas que debemos esixirlles aos demais. A soberanía que reclamamos non desbota a integración en institucións comúns de ámbito supranacional, pero non aceptamos que a presenza galega se impoña nun plano de subordinación."

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Discurso apertura Bautista Alvarez. Páxs 8-9

Un fogar de Breogán no que non haberá liberdade encanto non poda dispor do seu destino, mentres non sexa fogar dun povo soberano. Seria utópico e fraudulento, non obstante, calquer proxecto liberador que non contemplase a superación de todas as formas de opresión da sociedade."

Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Discurso apertura Bautista Alvarez. Páx.7

Fuxamos do localismo. É o noso un proxecto nacional, e máis que nacional nacionalista. Esixe reconstruír e dar coesión á identidade colectiva desde os propios alicerces. Sacrificar para isto os intereses dunha parte do país sería inxusto. Entorpecer conquistas nacionais interpondo rivalidades localistas é un suicidio. Quen menos aporta á demanda dos dereitos que a Galiza pola súa condición lle corresponden, os máis reticentes á cesión de competencias do Estado á Comunidade Autónoma, son os mesmos que impulsan o baleirado competencial das institucións galegas a prol das entidades de ámbito menor. As dúas estratexias responden a idéntica finalidade: por enriba e por abaixo, impedir que a nación se organice como tal.

Sigamos á fronte, coa bandeira da liberdade izada no mastro da soberanía nacional. Por defendermos a autodeterminación, somos inimigos da violencia por principio. Porque a conquista dun dereito presupón a existencia de cidadáns libres que poidan exercelo. E a liberdade ten o soporte fundamental na paz. Un redentor armado estáse a converter nun redentor vencido. Se perdeu a esperanza na capacidade e na forza do seu povo para tronzar as cadeas que o aferrollan, ¿que díaño de povo pretende redimir?. Até aquí, a nosa participación activa no combate ao terrorismo. Máis aló, as discrepancias con aqueles que o utilizan para asestar navalladas ao rival político, para cargar nas costas do adversario un problema que foron incapaces de resolver.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro 2001. Discurso apertura Bautista Alvarez.

Con todo, o centro de gravidade da política galega –e portanto da política do Bloque– ten que estar dentro de Galiza, no seo da sociedade e máis na dialéctica entre a cidadanía galega e as institucións políticas propias de Galiza. Aí reside a diferenza cardinal de perspetiva existente entre os que contemplan Galiza como un fragmento do Estado no que establecen as súas sucursais periféricas, e os que dexergamos o Estado como o contexto circundante da vida política propia de Galiza.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro 2001. Discurso de clausura. Xosé Manuel Beiras

Autodeterminación e soberanía nacional.

A participación nas institucións, tanto nas autonómicas como nas estatais ou europeas, e as súas accións ou propostas de carácter universal, están orientadas por este duplo carácter da estratexia nacionalista. Neste sentido, con independencia de que se poda producir nun momento concreto unha consulta popular específica sobre aspectos que atinxan á soberanía de Galiza, o BNG entende a autodeterminación como un proceso progresivo de conquista de poder político e de parcelas de soberanía.

Na medida en que -dadas as circunstancias do noso tempo e tendo en conta as decisións estratéxicas do BNG- o Bloque Nacionalista Galego actua no marco institucional autonómico, este constitui para o nacionalismo galego o espazo actual no que criar condicións para a autodeterminación, superando as limitacións propias do Estatuto de Autonomía. Nas condicións nacionais galegas, tanto as de carácter histórico como as propias do noso tempo, a autodeterminación ten un duplo carácter. Por unha parte, un carácter de proceso de conquista da hexemonía política polo nacionalismo galego, no que a presenza institucional no marco autonómico ten un papel básico. Inscrebe-se neste proceso a conquista da maioría necesaria para asumir o Goberno Galego. Por outra parte, un carácter de rotura democrática co marco constitucional vixente, na medida en que non recoñece a soberanía do pobo galego, de tal maneira que nun momento dese proceso, posibelmente en circunstancias de cambio constitucional en todo o Estado español, Galiza poda optar como nación a establecer relacións soberanas coas nacións do Estado, situación que por si propia traería consigo relacións doutro nivel no ámbito da Europa comunitaria."

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Documento político. Páxs. 16-17

O que nos identifica non é carecermos dunha visión de Estado e de perspectivas para Europa. Fronte aos que defenden o acatamento sumiso do modelo definido, nós pretendemos a participación de Galiza na construción de Europa e do Estado. Prexulgamos que de forma sincera partan outras da Constitución e o Estatuto para chegar a un Estado federal. En todo caso, nós preferimos partir de Galiza para definirmos a Constitución dun Estado de estrutura plurinacional. Aquí está o dilema: ollar Galiza desde España e desde Europa, ou esixir para ela o papel que lle pertence no concerto universal. Reclamamos e practicaremos a solidariedade, pero en primeiro lugar demandamos a xustiza.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro de 2001. Discurso Apertura. Bautista Álvarez.

Antiimperialismo

O BNG constata que a situación actual do mundo só poderá mudar-se se as relacións internacionais se basean no respecto á soberanía dos povos, nas relacións comerciais de intercambio en pé de igualdade; se se organiza unha redistribución da riqueza por países baseada en modelos económicos autocentrados e tamén unha redistribución da riqueza entre persoas baseada en modelos económicos e sociais máis xustos; se se respeita o meio natural; se, ademais, estas relacións defenden a igualdade na diferenza e recoñecen e practican os dereitos da muller. Só así se poderá rematar coa desigualdade e o imperialismo no mundo. Estas novas relacións internacionais deberán ter como documento básico a Declaración Universal dos Dereitos Colectivos dos Povos, aprobada pola CONSEU en Maio de 1990 e recoñecida a nivel internacional pola ONU. "

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Ponencia política. Páx. 15

Mais, na fase da mundialización, sobreveñen mutacións adicionais inéditas:

a) O ascenso á hexemonía das formas e os circuitos do capital-diñeiro (e por tanto, dos mercados financeiros) sobre os do capital-productivo (capitalismo industrial).

b) A correlativa primacía das políticas monetarias sobre as políticas de desenvolvemento, tanto de países como de espazos supra-estatais integrados ou en proceso de integración (CEE-UE).

c) *O deterioro ou rotura das pautas e métodos da “concertación social” nas relacións capital-traballo nas sociedades do centro do sistema –consecuencia do tránsito da hexemonia do capital-productivo á do capital-diñeiro, e da imposición da lóxica do segundo ao comportamento do primeiro.*

A existencia de sócios dominantes (grandes transnacionais e banca internacional) e a imposición de regras de xogo asimétricas nas transaccións económicas (producción, comercio, investimento, diñeiro, divisas, activos financeiros) por organismos como o FMI, o BM, a OMC, a OCDE, o G-7 ou a mesma UE, configuran un proceso mundializador hierarquizado, desigual, e con importantes consecuencias, tanto cara á posibilidade de formulación dunha estratexia de desenvolvemento autocentrado, acorde coas necesidades específicas de cada país, como no incremento da vulnerabilidade e inestabilidade das economías, da dependencia, disfrazada de interdependencia, por efecto das decisións adoptadas por axentes alleos, sen control posíbel sobre as mesmas”.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro 2001. Teses

Mais esa demolición, nun espacio coa cultura cívica e política de Europa, só se pode consumir trocando a democracia para operar unha metamorfose do Estado. Por unha banda, subvertir a xerarquía das institucións políticas, como xa sinalamos, para que o poder executivo poda actuar impunemente á marxe do control cotián dos cidadáns. Por outra banda, aplicar a consigna ultraliberal de “menos Estado” cada vez, nas súas funcións de política económica e social, mentres se opera “máis Estado” cada vez, nas funcións de control e castigo dos cidadáns que non sexan dóceis. Exactamente o que os gobernos do PP levan dez anos a facer en Galiza e catro anos no Estado español. Canto máis abandona o Estado a regulación da economía e a cobertura do benestar, máis medran a desigualdade, a pobreza, a fractura social e o malestar cidadán. Daquela, máis duro se fai o poder, recortan-se as liberdades, castiga-se a discrepancia, demonízase a disidencia, penalízase o paro e a pobreza, criminalízase a marxización. No Estado e en Galiza, ese proceso está en curso e acadará o seu punto de destino se non o impedimos os cidadáns exercendo como tais.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro 2001. Teses

Fronte a esta tendencia, e por diversas vías, están a desenvolver-se posicións complexas, que forman parte dun proxecto democrático mundial, tamén presente en Europa. Esta tendencia acepta e impulsa os aspectos positivos da internacionalización que constitúen un resultado do desenvolvemento das forzas produtivas, da comunicación cultural posibilitada polo avance científico e da universalización de aspiracións sociais e políticas beneficiosas para toda a humanidade. Defende outro modelo de relación e desenvolvemento, situando en primeiro plano a igualdade entre os povos, unha “redistribución da riqueza por países baseada en modelos económicos autocentrados e tamén unha redistribución da riqueza entre persoas baseada en modelos económicos e sociais máis xustos”. Asume a defensa do estado do benestar como logro real ou aínda como aspiración, o respecto ao medio natural, a loita contra o desemprego, a exclusión social e toda dominación política e económica, a crítica ao militarismo, o control democrático de todas as instancias internacionais, tanto políticas como económicas ou sociais, nas condicións do noso tempo. Nesta corrente universal inscriben-se as posicións políticas do BNG. ”

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Documento político Páx. 15

A resposta política e social ao proceso globalizador:

Mais, o dominio económico, político e ideolóxico que caracteriza á mundialización é un proceso dialéctico, e está a provocar novas contradicións que se reflicten no aflorar de movementos opostos á orde política e económica que a mundialización impón.(...)

Nun proceso de crecente concentración do poder político e económico a escala planetaria a supervivencia de nacións inteiras, en canto que formacións sociais que se sustentan sobre unha base material, depende de que sexan capaces de dotar-se de espazos políticos propios que permita a estes países (é dicir, á súa lingua, á súa cultura, á súa economía) estar en condicións de resistir e “competir” neste contexto.

Eis a razón do carácter obxectivamente democrático e anti-imperialista dos movementos nacionalistas. Eis a razón da demonización do nacionalismo desde os centros do poder, sabedores que os espazos de exercicio da soberanía nacional son diques á crecente concentración de poder político e económico.

Tamén no propio centro do sistema están a xurdir alternativas nadas no contexto da internacionalización como fenómeno histórico obxectivo que utilizando as novas capacidades de información e de organización existentes, reúne a asociacións e forzas políticas, culturais, sindicais, ecoloxistas ou feministas que se resisten á loxica dos mercados, do diñeiro, da desigualdade e da exclusión.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro 2001. Teses

Acción social e institucional

Para dar conta destas tarefas, especialmente as que se derivarian dunha asunción do Goberno Galego, o BNG necesita estender o seu enraizamento social. En función disto, o BNG ten como un obxectivo prioritario incrementar de xeito substancial a presenza no conxunto da sociedade, de maneira que se faga posíbel o logro da hexemonia política pola autodeterminación, e a presenza e a acción social necesaria para soste e impulsar o seu programa político, facendo fronte ás dificultades obxectivas de levar adiante esta acción no marco de institucións que contan actualmente cun poder político limitado.

O BNG ten que lograr unha maior integración na sociedade, equilibrando e desenvolvendo o seu peso electoral cunha forte e estruturada organización entendida como un instrumento de acción e participación.

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Documento político Páx. 18

Segundo, o BNG nunca cifrou a clave do trunfo na política institucional, se non era facendose forte previamente no tecido social e cidadán e situando aí o centro de gravidade da súa estratexia política, en congruencia co convencemento de que o cambio institucional só resulta posíbel na medida en que se opera un suficiente proceso de avance e transformación no nivel sociopolítico da realidade.

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Discurso clausura X.M.Beiras. Páx.44

Aínda lonxe os obxectivos a acadar en quen interpretamos a política con perspectiva de futuro, non traemos a ela fracasos que lamentar nen rivalidades que dirimir. Ben é certo que atravesámos noutras ocasións por momentos críticos. Soubemos repornos, iludindo o perigo de precipitar o nacionalismo na marxinalización. Foron tempos que o espírito crítico debe asumir e lembrar, para non reincidir en erros xa superados e para manernos atentos á permanente hostilidade do sistema. O vertixinoso ascenso electoral producido nos últimos dez

anos non ten precedentes no ámbito estatal. Se foi capaz de abrírnos as portas que non hai moito estaban fechadas, de trocar en prestíxio actitudes desplicentes, tamén constatamos que a progresiva irrupción da nosa alternativa activou as alarmas da reacción española. Non hai que temer. Temos na pel as feridas de moitas batallas. Os remos que fixeron travesías en augas procelosas ben poden resistir o reto dos océanos.

Éxitos si, pero efímeros se a maior presenza institucional non se traduce nun incremento e asunción colectiva das teses nacionalistas. (...)

Pero hai máis. Podemos conseguir un aparello organizativo inmejorable. Os rostros máis atractivos para un cartel electoral. O funcionamento sincronizado e acorde nunha perfecta distribución de responsabilidades. Isto é bó, pero sería burocracia improductiva de non afondarmos na vontade de transformación do país. "

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Discurso apertura Bautista Alvarez. Páxs. 5- 6

Nós, dicía, vimos de aquí, dunha historia feita na Galiza, desde os seus intereses e ao seu servizo. Logo cumprimos vinte anos da refundación do BNG, na Coruña, en 1982. Daquela, impuxemo-nos a tarefa de organizarmo-nos nós, de mellorarmos o noso traballo e a necesaria conxunción de esforzos para mellorarmos a defensa do país. Cumprímos o obxectivo marcado e experimentamos, desde aquela, un crecemento exponencial. Durante todos estes anos, lembramos –e practicamos- aquela evocación que nos derradeiros anos de vida facía D. Ramón Otero Pedraio: "... naquel intre, cando tan poucas cousas tiñamos, había que facelo todo: viaxar, botar discursos, escribir nos xornais, estudar xeografía, etnoloxía, historia da nosa terra, que estaba sin escribir. O que non se podía era estar calados e quedos porque o tempo, xa daquela, loitaba contra de nós", cando se refería aos labores múltiples que debía realizar o nacionalismo organizado dos seus tempos. Nós tamén tivemos que atender simultaneamente, moitas tarefas: a concienciación patriótica dos nosos connacionais; a mellor organización interna; o traballo nas institucións –en todas, sen excepción, onde se dirimen decisións que atinxen á Galiza-, institucións, galegas e exteriores á Galiza, ás que accedemos na súa totalidade e en que o nacionalismo galego fai ouvir a súa voz e consegue que os intereses e as aspiracións da Galiza se defendan, e, sobre todo, o traballo no seo de nós mesmos, da sociedade galega, para alargarmos considerabelmente a base favorable ás nosas teses, para implicarmos a cada paso máis xente inteirada e sensible, colectivamente preocupada e activa por exhibir e facer real a existencia da nosa nación. A auto-organización é, con efecto, moito máis do que unha palabra eufónica: é a clave da democracia, da construción da nación e, por iso, é a clave da nosa existencia política.

IX Asemblea Nacional. Santiago De Compostela, Febreiro de 2001

Intervención de despedida. Maria Pilar García Negro.

A estratexia política do BNG

Está claro que o nacionalismo galego aspira a uns obxectivos a medio e longo prazo que non caben no actual marco xurídico-político. Pero é tamén claro que o nacionalismo debe gobernar Galiza, para que exista a condición necesaria para orientar a situación actual noutra dirección. A dirección da posibilidade dun esforzo colectivo polo dereito á existencia no actual contexto internacional e estatal. Polo dereito a, cando menos, non sermos privados de poder loitar a prol das nosas vantaxes comparativas no campo económico e a, lóxicamente, tomar decisións que outros nunca tomarán no noso beneficio."

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Ponencia política. Páx. 19

Poñámonos de acordo na cuestión de base. E básico é que o Bloque Nacionalista Galego representa un proxecto político estratéxico para conquistar e consolidar a soberanía nacional. Diferentes opcións partidárias aportan a súa colaboración para a consecución deste obxectivo, conscientes de que a fragmentación da loita esteriliza ou invalida a verificación do noso proxecto común. Non é a Frente unha alianza simplemente conxuntural."

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Discurso apertura Bautista Alvarez. Páx. 7

Somos conscientes das limitacións impostas. Tanto polo marco español como europeu. Carecemos aínda da soberanía que permita aproveitar ao máximo os recursos estragados en cinco séculos de colonización e vinte anos de autonomía. Por iso fuximos de propostas utópicas, irrealizábeis sen a modificación do contexto no que teñen que actuar. Mesmo así, e sen renunciar aos obxectivos estratéxicos, dentro das coordenadas actuais é posíbel impulsar avances que até hoxe se malograron por falta de compromiso co país. É realista e pragmática a nosa pretensión. Non confundamos, non obstante, o alargamento do campo administrativo de actuación coa conquista do poder.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro de 2001. Discurso Apertura Bautista Álvarez.

Governar é xestionar con eficiencia os recursos públicos ao servizo dos cidadáns, máis gobernar tamén é, e sobre todo, desenvolver un proxecto político, operar paso a paso mutacións que fagan avanzar a sociedade na transformación das relacións e condicións de existencia social dos cidadáns e máis nun persistente ascenso do nivel de consciencia de identidade propia colectiva – de consciencia nacional- na consciencia social da cidadanía galega.

Somos conscientes das limitacións constitucionais que conleva o marco autonómico. Aínda máis, constatamos que as leituras constitucionais positivas para o desenvolvemento da autonomía como autogoberno están condicionadas sempre por quen gobernar no Estado e as súas necesidades de apoios conxunturais nos partidos nacionalistas, como ten demostrado tamén a experiencia dos últimos vinte anos. Mesmamente, sabemos que o actual proceso de transnacionalización dificulta sensibelmente o exercicio das competencias teoricamente recoñecidas nos Estatutos. Porén, unha sociedade como a galega nunca foi gobernada facendo uso das potencialidades, maiores ou menores, que había no marco competencial autonómico, se se utilizar a prol do propio país. Nunha palabra, se se utilizar para beneficiá-lo, optimizando os medios que fornece. Neste aspecto, temos a certeza de que un goberno nacionalista na Xunta de Galiza terá un papel cualitativo diferente a todos os que o noso povo padeceu durante estes vinte anos. Mesmo, no actual contexto de involución na política do Estado respecto dos dereitos das nazóns, o acceso do nacionalismo galego ao goberno da Xunta será un contrapeso de extra-ordinaria importancia para forzar a corrección desta situación.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro de 2001. Teses

Referencia ao Programa de goberno

O Programa de Goberno ten en conta as competencias con que contan actualmente o Parlamento e o Goberno, utilizando nun sentido amplo os medios legais, políticos e económicos dos que hoxe dispoñen as institucións autonómicas. Ao mesmo tempo, reflicte aspiracións e reivindicacións referidas a cuestións programáticas, cuxa resolución depende de competencias emprazadas neste momento nas institucións estatais ou da Unión Europea, de maneira que só un Goberno Galego do BNG asumiría responsabelmente a función representativa que lle corresponde en defensa dos intereses galegos.

O Programa responde á construción de Galiza como nación política autogovernada e como nación de cidadáns e cidadás libres, fundamentada nos dereitos humanos, democráticos e sociais, na asunción das aspiracións progresistas universais. O BNG contrae o compromiso de restaurar a democracia, hoxe gravemente deteriorada polo dominio do PP. Restaurar a democracia representativa no Parlamento de Galiza, nas Deputacións provinciais, entramentras non desaparezan, e nos Concellos, e impulsar a democracia participativa através dos movementos sociais e das asociacións cidadás. O BNG afirma a necesidade de exercermos a dignidade como povo, para sermos cidadáns galegos e cidadás galegas libres e non súbditos e súbditas do Estado español e dos seus representantes locais. Por fin, o Programa de Goberno está dirixido á conquista do benestar económico e social, sabendo que só a correcta distribución social do produto permite o benestar económico da sociedade, e que non existe benestar económico, se non se traduce en benestar social e cultural.

VIII Asemblea nacional. Ourense. Xuño 98. Documento político. Páx. 20

Mais estes feixes de liñas programáticas primordiais ten que arraizar nunha matriz de postulados ordeados en catro eixos axiolóxicos que non cansarei de reiterar.

Eses catro eixos axiolóxicos pódense expresar con catro vocábulos: *progreso, benestar, liberdades e dignidade*. *Progreso económico*, que implica a esixencia dun desenvolvemento sostíbel autocentrado, co centro de gravidade no potencial dinámico interno da economía galega e cunha lóxica de racionalidade económica na que o funcionamento da economía de mercado e libre empresa, como método de asignación eficiente de recursos produtivos, esteña enmarcada nuns criterios de política macroeconómica que cada un dos axentes económicos individuais está imposibilitado de dexergar, establecer e aplicar: eis mesmamente a aptitude e o cometido propios do poder político democrático na conducción, sen dirixismo, dos procesos macroeconómicos da sociedade. *Benestar social*, sen o cal resulta imposible que os froitos do progreso económico redunden en proveito dos diferentes segmentos da sociedade e da cidadanía, e en progreso moral e cultural da comunidade de individuos que é esa cidadanía mesmamente: eis precisamente a función política do poder nun *welfare state*, nun modelo de estado de benestar, redistribuidor, garante de condicións laborais dignas, do acceso universalizado aos bens inmateriais da educación, da sanidade, dos servizos e a seguridade social, da cultura, do lecer, do equilibrio do ecosistema do que formamos parte os humanos como segmento da biosfera do planeta. *Liberdades cívicas e democráticas*, sen cuxo exercicio polos cidadáns e garantía pola orde política a convivencia social pacífica e sosegada sería impracticábel, a igualdade sería mentira, as discriminacións serían inevitábeis, o progreso material resultaría inútil, os febles serían esmagados, a civilización sufriría un retroceso na historia: eis a función cívica dun poder que ten que ser o primeiro en asumir e practicar exemplarmente os postulados e as obrigas ínsitas nunha conceición democrática da vida social. *Dignidade comunitaria e institucional*, poisque sen ela os pobos e os individuos perderíamos a identidade, non exerceríamos as liberdades, ninguén nos respertaría, volveríamnos unha masa informe como un enxamio de abellas igual a calquer outro: eis, enfin, o sentido máis propio, radical e profundo, a razón de ser máis inequívoca, da existencia das institucións políticas autonómicas cando se lles imprime a vocación de serviren para o progresivo autogoberno dos cidadáns da nación galega.

IX Asemblea Nacional. Compostela, Febreiro 2001. Discurso de Clausura. Xose Manuel Beiras

Participación no traballo político e vida organizativa.

Principios organizativos.

Democracia
Carácter asambleario
Pluralismo político
Maiorías e minorías
Liberdade de expresión
Dereito á discrepancia pública
Estruturación territorial
VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995

Dereitos e deberes da afiliación.

Todos os afiliados e afiliadas do BNG teñen os mesmos dereitos e deberes perante a organización.

Son dereitos dos afiliados e afiliadas do BNG:

- a) Expresar libremente as súas opinións políticas nos debates internos.
- b) Participar na toma de decisións e na actividade política do BNG.
- c) Discrepar publicamente das posicións maioritarias, sempre que na práctica non plantexe unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou boicoteo da decisión maioritaria.
- d) Participar na elección de cargos que teñan lugar no seo da organización e optar en igualdade de condicións ao desempeño dos mesmos.
- e) Receber información sobre a orientación e a actividade xeral do BNG.
- f) Elevar propostas aos órganos do BNG para a súa toma en consideración.
- g) Ser previamente ouvido no caso de propoñeren-se sancións disciplinarias contra el e recurrir as sancións ante os órganos superiores e, esgotadas estas vías, ante a Comisión de Garantías.
- h) Receber apoio solidario da organización ante os problemas derivados da súa militancia política.

Son deberes dos afiliados e afiliadas do BNG:

- a) Actuar de conformidade co establecido nos principios políticos e ordenamento estatutario do BNG.
- b) Contribuir na medida das súas posibilidades á definición e aplicación da liña política do BNG.
- c) Irradiar no seu ámbito social as posicións do nacionalismo galego.
- d) Ter unha práctica lingüística coherente coa defensa da normalización do uso social do galego.
- e) Defender a auto-organización do pobo galego a todos os niveis.
- f) Acatar e respetar as decisións maioritarias aínda no caso de discrepar con elas.
- g) Abonar a cota estipulada e asumir solidariamente os compromisos económicos que se deriven do desenvolvemento da actividade política do BNG.
- h) Respetar nas manifestacións internas e externas aos compañeiros e compañeiras, así como aos órganos colexiados do BNG.

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Artigo 1.1 Estatutos

Canles e dificultades para a participación.

Esta política expansiva [de afiliación] debe conxugar-se co fomento da participación, do debate, da información e da formación, que favoreza que a integración dos novos afiliados e afiliadas na vida orgánica do BNG sexa efectiva e fagan unha asunción consciente do ideario político da nosa organización.

O obxectivo primordial debe ser, á parte de procurar a aproximación ao BNG de sectores sociais aínda remisos aos postulados do nacionalismo, a organización efectiva no BNG do corpo social que se aglutina arredor da nosa organización. (...)

Outro aspecto a salientar criticamente é que o medre do BNG non se teña traducido nun incremento porcentual das mulleres afiliadas á nosa organización nen nunha maior presenza das mesmas nos postos de responsabilidade.

Unha das causas da cativa participación das mulleres na política, tamén no BNG, radica na existencia dunha división sexual do traballo que condiciona o desenvolvemento de homes e mulleres. Deste e doutros condicionantes derivan unha serie de consecuencias:
VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Ponencia de Organización. Páx. 25 e 26

Como conclusións apuntamos:

1. Revitalizar a vida asembleária, procurando, através da selección que se faga dos temas a tratar e da presentación que se faga dos mesmos, o fomento do debate e a asunción crítica e consciente das decisións. Hai, xa que logo, que fuxir da rutina que leva a "despachar" asuntos importantes como mera información do decidido nos organismos de dirección.
2. Planificar de maneira máis sistemática o reparto de traballo entre a afiliación, proporcionando a esta diferentes canles de participación. O traballo político non consiste só no traballo de local ou de divulgación propagandística. Labores de asesoramento, a colaboración económica, a participación activa nos movementos sociais de base nos lugares de residencia e de traballo, o contacto social cos veciños/as ou compañeiros/as de traballo procurando transmitir opinión...son tamén imprescindibles para o desenvolvemento da nosa política e hai que procurar buscar a maneira de engarzar neste traballo a todos os compañeiros e compañeiras tendo en conta as súas disponibilidades e capacidades. (...)
3. Programar xornadas, encontros, conferencias...para dar a coñecer ou analizar os diferentes aspectos da nosa actuación política. Impulsar desde o BNG o traballo de divulgación cultural nacional. (...)

(7.A). Impulsar a incorporación das mulleres á militancia na nosa organización, a participación activa das mesmas e a asunción de postos de responsabilidade e de toma de decisións.

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Ponencia de organización. páx.26-27

Nen que dicer ten que dunha maior suficiencia económica dependen moitas das melloras e reforzos que nos propomos, máis tamén á inversa, da expansión organizativa e electoral do BNG (e con iso do seu número de cotizantes, de ingresos institucionais, etc) depende unha mellora da nosa situación financeira e con iso a posibilidade de ir consolidando o noso avance. É por iso que a xestión e captación de recursos económicos é fundamental e está intimamente unida a outras facetas do noso traballo político.

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Ponencia de organización. Páx.32

Relevancia do traballo militante

En quinto lugar, a metodoloxía de traballo. E nesta metodoloxía a primacía do labor no tecido social. O BNG ten moi claro que por moita importancia que cobre o esforzo do traballo

político nas institucións democráticas, ese traballo valeira-se de contido ou queda suspendido no ar se non se segue afincando na terra, se non se segue a dar primacia ao esforzo de traballo militante cotidián en todos os frontes dentro do tecido social do país. Está-se a falar tanto de que se os partidos representan ou non representan aos cidadáns, de que se os partidos se convirten en cúpulas oligárquicas, de se o rexime de partidos ten xa sentido ou non sentido, está-se mesmo a levar o discurso cara a camiños que xa sabemos algúns, nós, todos os do Bloque, a que conducen. E non se fala nunca de que as forzas políticas perden a súa función sócio-política cando abandonan ou deixan no desleixo o labor cotián no tecido social do seu país, da súa nación. Esta foi a primeira regra de ouro do Bloque e segue a ser a primeira regra de ouro do Bloque na metodoloxía do traballo político."

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Discurso clausura X.M.Beiras. Páx. 56

Ainda que os obxectivos a bater podan estar alén do ciclo vital dos que levamos queimado boa parte da nosa vida en construír unha Galiza soberana, constitúe para nós unha satisfacción comprobar que non fixemos etapas de valeiro, e que a bandeira que nos deu acobillo conta cada día con máis seguidores. Orgullece-nos, sobretudo, a xenerosidade dunha militancia que se integrou no proxecto nacionalista, non á procura de prebendas políticas, senón como forma de facer máis rendíbel o sincero compromiso co país. Só así foi posíbel manter-nos a frote e vencer a hostilidade do sistema. Só así lograremos o éxito futuro, se o BNG segue a cimentar-se en militantes con vocación de tropa e non de xenerais, se non esquece que as estrelas se gañan no combate e non nas académias militares.

VII Asemblea Nacional. Ferrol 1995. Discurso apertura Bautista Alvarez. Páxs 9-10

Somos unha organización cun proxecto para todos os galegos e galegas e que estamos dispostos a contrastar nunha interlocución directa con aqueles segmentos da sociedade que estexan a prol dun goberno galego merecente de tal nome e que aplique políticas deseñadas desde, por e para Galiza, en función das nosas necesidades colectivas.

Estes compromisos e esta vontade política implican:

Aspectos internos:

A) Reactivar e revitalizar a Organización, co obxectivo de contarmos cunha militancia máis formada, preparada, activa e numerosa, coñecedora do proxecto global do nacionalismo e do noso papel na sociedade galega como forza política para actuar socialmente e como forza de goberno.

B) Aperfeizoar os procesos de información, debate, creación de estados de opinión e toma de decisión, afortalando o respecto do ámbito de debate e toma de posición propia do BNG, implicando á militancia nos mesmos. (...)

E) Facer un esforzo de análise, diagnose e elaboración de todo tipo de traballo de coñecemento da realidade do noso País, especialmente aqueles que poidan servir para unha mellora da comprensión e axuste das cuestións que impliquen unha toma de decisión governamental.

Aspectos cara á sociedade:

A) Potenciar e afianzar, co máximo respecto á soberanía de cada organización, marcos de cooperación coas organizacións sociais nacionalistas. Contribuír a ampliar e enraizar estas organizacións e promover a participación e o traballo da militancia do BNG nas mesmas. (...)

C) Implantar socialmente máis ao BNG, facendo da nosa organización un elemento dinamizador da vertebración da sociedade galega, transformando en apoio activo o apoio electoral.

IX Asemblea Nacional. Santiago, Febreiro 2001. Teses

RESEÑA HISTÓRICA SOBRE O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Antecedentes.

O Bloque Nacionalista Galego é a expresión actual dunha corrente política actuante na Galiza desde mediados dos anos sesenta, anos nos que se funda a UPG (Unión do Povo Galego) e o PSG (Partido Socialista Galego), partidos que desde os seus respectivos posicionamentos ideolóxicos (comunista e socialista) inician o proceso de reorganización política do nacionalismo galego dotando-o dunha orientación claramente progresista.

No ano 1975 funda-se a AN-PG (Asemblea Nacional- Popular Galega), primeira experiencia de articulación frentista do nacionalismo galego que terá no BNG a súa definitiva expresión.

1982.

A AN-PG, tras facer unha reflexión crítica sobre a súa experiencia política e organizativa, decide promover a creación dunha nova organización unitaria do nacionalismo. Inicia-se o proceso constituinte participando no mesmo diversas organizacións e colectivos nacionalistas, culminando coa celebración o mes de Setembro no Frontón de Riazor da Coruña da **Asemblea Fundacional** do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, aprobando-se o programa político e os principios organizativos da nova formación. Na mesma integran-se, ademais dos militantes procedentes da extinta AN-PG, a **Unión do Povo Galego** (UPG), o **Partido Socialista Galego** e diversos **colectivos de nacionalistas independentes**.

1983.

O PSG decide nun Congreso Extraordinario abandonar o BNG. Un nutrido grupo de militantes deste partido descontentos con esta decisión optan por ficar no BNG constituindo o **Colectivo Socialista**.

A actividade do BNG este ano ten como referente principal a **loita contra a OTAN e contra as agresións ecolóxicas que sofre Galiza**, coma os verquidos radioactivos na fosa atlántica.

A manifestación do 25 de Xullo (Día da Pátria Galega) culmina cunha masiva sentada de protesta contra a prohibición governativa de acceder ao casco histórico. Tras cinco horas de sentada, a manifestación é disolta cunha violenta carga policial.

Nas eleccións locais o BNG obtén 50.000 votos.

1984.

Celebra-se a **IIª Asemblea Nacional** en Santiago de Compostela.

No plano político, o acontecemento máis relevante é a expulsión dos deputados nacionalistas do Parlamento Galego pola súa negativa a cumprir coa imposición regulamentaria de xurar ou acatar a constitución española para poder tomar posesión, regulamento que é aplicado retroactivamente xa que levaban 3 anos no exercicio das súas funcións como parlamentarios.

A actividade social do BNG está centrada no apoio decidido ás **mobilizacións contra o desmantelamento industrial** provocada pola política de "reconversión". Ao longo do ano teñen lugar na Galiza tres folgas xerais.

A traída dos restos de Castelao provoca unha forte polémica na Galiza pola apropiación que da sua figura intentan facer os representantes da herdanza franquista. A protesta levada a cabo polo BNG contra a apropiación e manipulación da sua figura é duramente reprimida pola policía.

A homenaxe á figura e o pensamento de Castelao converte-se no motivo central do Día da Pátria Galega, xornada na que, despois de catro anos de prohibición, os nacionalistas volven a acceder ao recinto histórico de Compostela.

1985.

A loita contra a OTAN segue polarizando grande parte do debate social. O BNG promove novas marchas e mobilizacións. Unha carga da Policía Militar contra unha manifestación celebrada na Coruña provoca unha grande polémica, ao actuar un corpo militar contra unha manifestación pacífica e civil.

O BNG participa na **constitución da CONSEO** (Conferencia de Organizacións de Nacións Sen Estado da Europa Occidental).

Nas eleccións autonómicas o BNG obtén 52.000 votos, resultando elixido deputado pola provincia da Coruña Xosé Manuel Beiras Torrado.

Nunha Asemblea Extraordinaria celebrada en Santiago o BNG decide rectificar a sua negativa de cumprir coa exigencia regulamentaria de acatar a constitución para acceder ao Parlamento. Aínda que o BNG se ratifica na sua consideración de que este trámite é unha imposición totalmente antidemocrática considera que a sua ausencia do Parlamento resta eficacia ao desenvolvemento da sua política e pón ao BNG en perigo de marxinalización.

Neste debate maniféstan-se diferencias estratéxicas no seo do BNG que cristalizarán no xurdimento no seu seo dunha nova organización que diverxe dos plantexamentos maioritarios (PCLN -Partido Comunista de Liberación Nacional-).

1986.

O BNG obtén 27.000 votos nas eleccións xerais.

Ten lugar o **Referendo sobre a permanencia na OTAN**, no que o **BNG fai campaña a favor do non**.

Os actos oficiais de celebración do cincuentenario do plebiscito do estatuto son contestados con **mobilizacións a favor da autodeterminación**.

1987.

Celebra-se no Carballiño a **III Asemblea Nacional** co lema "**Abrindo camiño**". O debate está en grande medida polarizado polos enfrontamentos cos posicionamentos ideolóxicos do PCLN. Esta Asemblea servirá para actualizar as tácticas e formas de traballo político do BNG iniciando un proceso de apertura da Fronte á sociedade galega.

O BNG participa nas **mobilizacións do agro galego contra as cuotas de produción leiteira impostas pola CEE**. Máis de 80.000 persoas manifestan-se na Coruña.

Tras o cambio de Goberno na Xunta, dando paso ao Goberno tripartito presidido por Laxe, o

BNG presenta no Parlamento un Proxecto de Lei de medidas urxentes para o desenvolvemento económico, político, social e cultural da Galiza (A "**Lei de Bases**"), no que se sintetizan os mínimos programáticos que a xuízo do BNG deben guiar a acción de goberno.

O BNG desenvolve a **campaña "En Galiza, en Galego"**, en apoio á convocatória que fai a Mesa Pola Normalización Lingüística que culmina nunha multitudinaria manifestación en Santiago en defensa do idioma galego. Esta campaña serve ademais de presentación da **nova imaxe corporativa do BNG**.

O BNG propón formar unha candidatura nacionalista unitaria ao Parlamento Europeo. As conversas asisten PNG e PSG-EG (Partido Socialista Galego- Esquerda Galega) mais non se chega a un acordo.

O BNG obtén 45.000 votos nas eleccións ao Parlamento Europeo e 62.000 nas municipais. Os lemas das respectivas campañas foron "Galiza no Parlamento Europeo" e "Galiza nos Concellos". O PCLN é expulsado do BNG ao apoiar a candidatura de HB nas eleccións europeas.

1988.

Constitúese a Organización xuvenil Nacionalista "**Galiza Nova**".

O BNG impulsa, xunto con diversas asociacións e colectivos ecoloxistas, a primeira iniciativa legislativa popular que xurde na Galiza, co obxecto de defender o patrimonio forestal galego. O Bloque propón, en réxime de autoconvocatória, un pacto político para as eleccións europeas a todas as forzas autóctonas.

A convocatória do 25 de Xullo ten lugar este ano co eslogan "Proxecto comun", que sintetiza a liña de renovación e integración impulsada pola IIIª Asemblea Nacional.

1989.

Ten lugar a **IV Asemblea Nacional** en Lugo. O lema escollido é "**Na Onda**". A profundización na liña de renovación aprobada na IIIª Asemblea marca os debates desta Asemblea.

Celebran-se eleccións ao Parlamento Europeo. "Galiza a Europa. A única candidatura galega" é o eslogan que preside a campaña do BNG que obtén 39.000 votos nestes comicios.

En Xuño ten lugar a detención do dirixente do BNG Francisco Rodríguez acusado da suposta queima dunha bandeira española cinco anos antes. Tras unha grande campaña de solidariedade consegue-se a súa liberación.

"Adiante" é o lema do Día da Pátria Galega deste ano.

Nas eleccións ao Parlamento Español o BNG obtén 48.000 votos. O lema da campaña foi "Galiza sen límites".

O BNG presenta-se as eleccións ao Parlamento Galego co lema "Abre-te a Galiza. Participa nun proxecto comun", obtén 105.000 votos e 5 escanos no Parlamento Galego, converténdose na 3ª forza política galega e constituindo por primeira vez **grupo parlamentario propio na cámara galega**.

1990.

O BNG elabora o documento "Análise do BNG perante a situación económica de Galiza" no que se determinan os eixos en torno aos cais, en opinión da Fronte nacionalista, debe gravitar a unidade do nacionalismo.

O BNG celebra o Día da Pátria baixo o lema "Entre todos", con presenza por primeira vez do PNG (Partido Nacionalista Galego).

1991.

Celebra-se en Vigo a **V Asemblea Nacional** do BNG co lema "**Enerxia Alternativa**".

Asina-se o protocolo de integración de Galiza Nova no BNG.

O BNG presenta-se as eleccións municipais co lema "Renova Galiza. Tamén no teu concello". Obtén 107.000 votos e 240 concelleiros.

A asistencia á manifestación do 25 de Xullo, que na convocatória deste ano ten por lema "A Galiza Viva", supera con creces anteriores convocatorias.

O BNG leva a cabo unha intensa **campaña** co lema "**Galiza autodeterminación**". O 6 de Decembro congrega a 10.000 persoas nunha manifestación en Compostela.

Sinatura do protocolo de integración do **Partido Nacionalista Galego** (PNG) no BNG.

1992.

Folga Xeral nacional coa activa participación do BNG, que desenvolve unha campaña específica co eslogan "Galiza empresa de todos".

"A Galiza que queres. Entre todos podemos" é o título da convocatória do Día da Pátria deste ano, que volve a congregar en Santiago a miles de manifestantes.

O Consello Nacional do BNG aproba a formalización de **Esquerda Nacionalista** como colectivo integrado no BNG, xurdido da reformulación dos antigos colectivos de independentes.

En Outono o BNG leva a cabo unha **campaña contra o Tratado de Maãstricht**, organizando actos explicativos en toda a nación.

O ano fecha-se coa celebración dunha multitudinaria festa na Coruña con motivo do 10º aniversario da fundación do BNG. A conmemoración ten lugar baixo o lema "A forza dun povo".

1993.

"**Con máis forza**" é o lema da **VI Asemblea Nacional** que ten lugar o mes de Marzo na Coruña.

Segue-se avanzando no proceso de converxencia do nacionalismo coa integración no BNG do **colectivo "Inzar"** organización resultante da fusión do Movemento Comunista de Galiza e da organización galega da Liga Comunista Revolucionaria.

O BNG participa nun Forum Internacional en Dinamarca que reúne a organizacións e

persoalidades de diversos países europeos críticos co modelo de Europa consagrado polo Tratado de Maãstricht.

Ás eleccións xerais o BNG concorre co lema "Galiza con forza propia" e obtén máis de 126.000 votos, ficando ás portas de obter representación nas provincias da Coruña e Pontevedra. Nos comicios autonómicos, aos que o BNG se presenta co lema "O mellor para Galiza", obtén 270.000 votos e 13 deputados, situando-se a un nivel moi parello co PSOE no conxunto da Galiza e como segunda forza tras o PP nas cidades.

A masiva participación na manifestación nacionalista do 25 de Xullo reflecte o avance do BNG, como sintetiza o lema da convocatória deste ano: "Cada día máis".

1994.

O apoio á autoorganización da sociedade galega articulando forzas políticas, sindicais e sociais propias foi unha constante ao longo da historia do BNG e máis concretamente o apoio ao sindicalismo nacionalista. Por iso o BNG manifesta o seu **apoiio á reunificación do sindicalismo nacionalista** que culmina este ano coa constitución da CIG (Confederación Intersindical Galega).

Celebra-se en Lisboa o Forum "Que Europa após Maãstricht", coa participación do BNG.

Nas eleccións europeas o BNG supera os 130.000 votos. A campaña do BNG ten por lema "Unha Galiza forte nunha nova Europa".

A conmemoración do 50º aniversario do "Sempre en Galiza", obra central do pensamento político de Castelao centra os actos do Día da Pátria Galega que se celebran co lema "Galiza Sempre".

A integración no BNG de **Unidade Galega** (antigo Partido Socialista Galego- Esquerda Galega) completa o proceso de converxencia no BNG do nacionalismo galego.

1995

O BNG ten unha participación destacada nas **mobilizacións de apoio á frota pesqueira** galega cuxos intereses se ven seriamente ameazados pola posición do Canadá e as actitudes da CE, goberno español e Xunta de Galicia no conflito do fletán.

O BNG concorre ás eleccións municipais co eslogan "O mellor para o teu concello", obtendo perto de 210.000 votos.

En Decembro celebra-se na Feira de Mostras de Ferrol a **VIIª Asemblea**, co lema "**En bloque por Galiza**", marcada pola proximidade da nova convocatória de eleccións ao Parlamento Español. Así, definen-se os criterios que orientarán a actuación do BNG nas Cortes Españolas e os eixos que deben vertebrar unha alternativa de goberno na Galiza, co horizonte posto nas autonómicas de 1997. No plano organizativo, reforman-se e desenvólven-se os estatutos do BNG co fin de adecuá-los ao medre experimentado nos últimos anos.

1996

Celebran-se eleccións xerais o 3 de Marzo. O BNG concorre co lema "Para que Galiza poda decidir" e obtén 220.000 votos no conxunto das catro circunscricións galegas (o 13% dos votos

emitidos), conseguindo dúas actas de deputado. É a primeira vez que o nacionalismo galego, desde a IIª República, consegue **representación no Parlamento Español**.

O BNG comeza a súa preparación para defrontar as eleccións autonómicas previstas para 1997 como alternativa de goberno ao PP. No mes de Xullo pón-se en marcha un programa de encontros co lema "**Aqui e agora (iniciativas para erguer este país)**", que ten por obxecto impulsar o desenvolvemento dun Programa de Goberno e o contacto do BNG cos diferentes sectores da sociedade galega.

O lema "Aqui e agora (iniciativas para erguer este país)" preside tamén a convocatória do Día da Pátria Galega deste ano, que rexistra unha masiva afluencia.

No Outono o BNG reactiva a súa campaña de traballo, elaboración de alternativas e contacto coa sociedade. Como arranque da campaña, o 26 de Outubro ten lugar un acto masivo no Palácio de Congresos de Galiza en Santiago de Compostela, onde baixo o lema "Alternativa 97 (intelixencia e ilusión)" o BNG presenta a súa alternativa de goberno e proclama a Xosé Manuel Beiras candidato á Presidencia da Xunta de Galiza.

1997.

En Xaneiro o BNG apoia activamente as protestas dos gandeiros galegos contra as cuotas de produción leiteira impostas pola Unión Europea e a aplicación da supertaxa por exceso de produción. O día 15 miles de tractores paralizan as estradas galegas

A actuación do PP nos Concellos, recurrido á "fichaxe de tráfugas" para derrubar a Governos Municipais lexitimados polas urnas, provoca a contestación popular en diferentes puntos de Galiza, destacando a repulsa de miles de cidadáns de As Pontes (Ferrolterra) pola moción de censura promovida polo PP contra o Alcalde do BNG.

En Marzo o BNG culmina o proceso de elaboración do Programa de Goberno co que concurrirá ás Eleicións Autonómicas. A campaña "Aquí e agora, iniciativas para erguer este país" ten continuación coa programación de novos encontros e actos de presentación da oferta programática do BNG en todas as localidades de Galiza e entre os diferentes colectivos sociais. A nova programación ten como lema "**Alternativa 97**".

O BNG celebra unha nova edición do Día da Pátria Galega baixo o lema "Coa forza de todo un povo". A asistencia masiva á manifestación evidencia a crecente adhesión de novos colectivos cidadáns ao proxecto político do BNG.

En Outubro celebran-se Eleicións Autonómicas. O BNG concorre co lema "Porque nos interesa este país". O Bloque acada un éxito sen precedentes ao conseguir 400.000 votos e 18 deputados, convertendo-se na **segunda forza política de Galiza**.

1998.

O BNG iníciase este ano unha intensa actividade no eido das relacións exteriores, outorgando-lle importancia prioritaria ao establecemento de relacións coas forzas nacionalistas hexemónicas de Euskadi (EAJ-PNV) e Catalunya (CiU) para promover acordos sobre o modelo de Estado, favorecendo unha interlocución comun de Euskadi, Catalunya e Galiza fronte ao poder central.

Os días 27 e 28 de Xuño celebra-se en Ourense a **VIIIª Asemblea Nacional** do BNG, baixo o lema "**Galiza sairá gañando (con intelixencia e ilusión)**". O documento aprobado representa o

esfuerzo do BNG por adecuar as súas estratexias políticas á súa nova condición de alternativa de goberno. No mesmo ten unha importancia sobranceira a definición da liña a seguir para avanzar no recoñecemento do carácter plurinacional do Estado español.

Os contactos entre BNG, PNV e CIU cristalizan na **Declaración de Barcelona** que, subscrita por estas forzas o día 16 de Xullo, aboga polo recoñecemento do carácter plurinacional do Estado e ten unha grande repercusión situando este debate no primeiro plano da actualidade no conxunto do territorio estatal.

A convocatória do 25 de Xullo do presente ano volta congrega en Santiago a milleiros de manifestantes, contando, ademais, cunha ampla representación internacional. Por primeira vez están representados na manifestación PNV, CIU e Sinn Féin, entre outras moitas organizacións progresistas e movementos de libertación nacional. O lema desta convocatória é “Para gañarmos o futuro”.

En Setembro ten lugar en Gasteiz un novo encontro entre o BNG, PNV e CIU. O acordo de Gasteiz, subscrito o 16 deste mes, vai abondar na necesidade dunha nova releitura da Constitución española na perspectiva da súa reforma.

En Outubro fecha-se na Galiza o primeiro ciclo de encontros destas forzas políticas coa celebración os días 29, 30 e 31 do Encontro de Santiago, que acaba unha grande repercusión política e social. No Acordo de Santiago, estas forzas políticas deciden constituir un foro permanente co obxecto de promover unha nova cultura política respeitosa coa realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüística do Estado español.

En Novembro o Consello Nacional do BNG proclama os cabezas de lista nas cidades das eleccións municipais 1999 e dá a súa aprobación inicial ao Programa Marco con que concurrirá o BNG a este proceso. En toda Galiza pón-se en marcha un amplo programa de actos e encontros preparativos das eleccións municipais baixo o lema “Con ideas de futuro. (Por uns Concellos abertos e eficaces)”.

Os días 18 e 19 de Decembro, celebran-se en Bueu as **I Xornadas de Inverno do BNG** (escola de formación de cadros do BNG), que teñen como título “O avance institucional e político cara un Estado plurinacional”.

1999

A actividade do BNG no ano 1999 está centrada, para alén de dar resposta política ás distintas problemáticas que atinxen á sociedade galega, na preparación das Eleccións Municipais e Europeas previstas para o 13 de Xuño. Así, o 13 de Marzo, un gran acto no Pazo de Congresos e Exposicións de Galiza, en Santiago de Compostela, serve para presentar á sociedade galega a candidatura do BNG ás Eleccións Europeas, encabezada polo enxeñeiro e economista Camilo Nogueira Román, e as candidaturas do BNG ás eleccións municipais.

O 21 de Maio, coincidindo coa semana de celebración do Día das Letras Galegas, constitúese en Santiago de Compostela a Fundación Galiza Sempre, institución fundada polo BNG co obxecto de promover todo tipo de actividades que contribúan a aprofundar no coñecemento dos distintos aspectos da realidade galega e ao desenvolvemento do pensamento político, social, cultural e económico da Galiza.

O BNG presenta-se ás Eleccións Europeas e Municipais co lema “Para mellorar as cousas” con

distintas aplicacións adaptadas a cada Concello, no caso das municipais, e ás Eleicións Europeas (“Galiza con forza propia en Europa (para mellorar as cousas)”). O medre do BNG reflicte-se no número de listas presentadas nos comicios locais: 298. Os Concellos nos que o BNG presenta lista representan mais do 99% da poboación da Galiza, consolidando-se o BNG como unha forza con implantación territorial en todo o país.

Os resultados obtidos polo BNG o 13 de Xuño representan un novo avance electoral para o nacionalismo galego que desta vez traducen-se nun salto cualitativo sen precedentes.

Así, o BNG obtén **por vez primeira un deputado no Parlamento Europeo** vencendo a dificultade de conquistar representación concorrendo en solitario a uns comicios onde o Estado español é circunscrición electoral única. O BNG consegue 350.000 votos en todo o Estado e, coa obtención do eurodeputado, completa a súa representación institucional acadando presenza en todos os foros.

Nas Eleicións Municipais, o BNG obtén 290.000 votos e **585 concelleiros**. O medre do BNG é particularmente importante nas principais cidades acadando a **alcaldía en Vigo, Pontevedra e Ferrol** e participando no goberno, en coalición co PsdeG-PSOE, en Lugo e Santiago.

A manifestación do Día da Pátria reflicte o avance do nacionalismo na súa masiva participación (20.000 persoas). O lema desta edición é “Galiza coa forza na man”.

“**Os retos do nacionalismo: o BNG como alternativa de goberno**” é o título que emarca os traballos da **I Escola de Verán** do BNG, que se celebra os días 11 e 12 de Setembro no Mosteiro de Poio.

No último trimestre do ano 99 o BNG inicia os traballos de preparación das Eleicións a Cortes Xerais previstas para o ano 2000, comezando o traballo de elaboración do programa, confección de listas e posta en marcha do operativo de campaña. O debate sobre a oferta política do BNG á sociedade nestas eleccións, centra as II Xornadas de Inverno que sob o lema “Galiza con decisión” teñen lugar en Lugo os días 11 e 12 de Decembro.

2000

O ano 2000 é instituído polo Parlamento de Galiza, a proposta do BNG, como o “**Ano Castelao**” ao cumpríren-se 50 anos da morte do político nacionalista. O 7 de Xaneiro, data do aniversario da súa morte, o BNG iníciase as actividades na lembranza da súa figura cunha homenaxe no Panteón de Galegos Ilustres de San Domigos de Bonaval (Santiago de Compostela) na que intervén o Portavoz Nacional do BNG, Xosé Manuel Beiras.

O 15 de xaneiro ten lugar no Palácio de Congresos e Exposicións de Galiza, en Santiago de Compostela, un multitudinario acto no que o BNG presenta a súa oferta programática e as súas candidaturas ás Eleicións a Cortes Xerais.

O BNG presenta-se ás Eleicións a Cortes Xerais do día 12 de marzo co lema “GALIZA con capacidade para decidir”. O BNG obtén 306.000 votos e 3 deputados, experimentando un medre de preto de 90.000 votos a respecto da anterior convocatória e fica a tan só 21.000 votos de acadar 6 escaños. Anxo Quintana é designado senador polo Parlamento de Galiza dentro do cupo de senadores en representación da Comunidade Autónoma. O BNG, xa que logo, acada por primeira vez **representación na Cámara Alta**.

O 12 de abril a Mesa do Congreso dos Deputados, cos votos en solitario do PP, denega a constitución do Grupo Parlamentar Galego- BNG, integrado polos deputados do BNG coa cesión dun deputado de CiU e outro do PNV. O acordo da mesa vulnera o regulamento da cámara e constitúe un claro agrávio comparativo a respecto da constitución doutros grupos, desatando unha forte polémica política non só na Galiza senón no conxunto do Estado. Os deputados integrantes do Grupo presentan recurso contra esta resolución perante o Tribunal Constitucional.

Os días 10 e 11 de maio unha ampla delegación do BNG participa en Bruxelas nunhas Xornadas do Grupo Parlamentar EFA-Greens para analizar a reforma dos tratados da Unión Europea. A estadia en Bruxelas culmina coa participación do BNG na Asemblea Xeral do Partido Democrático dos Povos de Europa- Alianza Libre Europea, formación que agrupa a organizacións políticas nacionalistas de diversos países e da que o BNG pasa a ser membro de pleno dereito. No mesmo mes **constitúese no Parlamento Europeo o Intergrupo de nacións sen Estado**, sendo nomeado Presidente do mesmo o euro-deputado do BNG Camilo Nogueira.

O 11 de maio ten lugar en Vigo unha masiva manifestación esixindo un novo acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Marrocos. A manifestación é convocada pola Mesa en Defensa do Sector Pesqueiro Galego, plataforma criada por iniciativa do BNG.

O 17 de maio preto de 10.000 persoas manifestan-se en Santiago para reclamaren unha maior presenza da lingua galega nos medios de comunicación. A manifestación é a culminación dunha campaña que sob o lema “En Galego de principio a fin” promove a Mesa pola Normalización Lingüística co apoio do BNG.

O 22 de xuño o BNG presenta en Santiago de Compostela o **manifesto “Un compromiso responsábel co país”**. Neste manifesto o BNG expresa a súa vontade de diálogo coa sociedade para facer posíbel unha alternativa de goberno na Galiza que responda as necesidades e anxeos dunha maioría social que demanda unha nova política desde o goberno autonómico. Este acto marca o inicio dos traballos de preparación das Eleccións ao Parlamento de Galiza previstas para o ano 2001, que serán tamén obxecto de debate e reflexión na II Escola de Verán celebrada en Vigo en Setembro e nas III Xornadas de Inverno organizadas en Silleda no mes de Decembro.

O Día da Pátria congrega en Santiago a máis de 20000 manifestantes. Na convocatória deste ano o lema escollido é *“Afrontando novos retos (un proxecto compartido)”*.

O BNG participa activamente nas actividades da **“Marcha Mundial de Mulleres 2000”**. Galiza vai ser a única nación sen estado de Europa con delegación propia nas manifestacións que teñen lugar en Bruxelas e Nova Iorque.

O BNG presenta este mes o seu novo sitio web, **www-bng-galiza.org**, que significa a posta en marcha dun ambicioso proxecto para dotar ao nacionalismo galego dun voceiro e dunha base de datos dixital.

A actividade do BNG no último trimestre do ano vai estar en grande medida centrada na **defensa dos sectores produtivos**, agredidos pola política económica do PP, nomeadamente o sector pesqueiro (coas mobilizacións da frota do banco canario-saariano a prol dun novo acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Marrocos como eixo central), o comercio (apoiando á contestación ás medidas “liberalizadoras” do goberno central favorecedoras das grandes cadeas de distribución transnacionais) e o agro-gandeiro. No mes de novembro á aparición na Galiza dos

primeiros casos de encefalopatía esponxiforme bovina (a enfermidade “das vacas loucas”) supón un duro golpe ao sector cárnico galego.

2001.

No comezo do novo ano a crise de sectores estratéxicos da economía galega como a pesca, os efectos devastadores dos temporais que azoutaron Galiza ao longo do outono e inverno e o agravamento do problema das vacas tolas, van provocar no país un sentimento de crise e de indignación ante a ineficacia e actuación irresponsábel da Xunta de Galiza para facer fronte á situación.

O BNG presenta o día 10 de xaneiro unha **moción de censura contra o Goberno de Fraga Iribarne** provocando unha crise política no Goberno da Xunta que culmina co cese do Conselleiro de Agricultura, Castor Gago.

Os días 12 e 13 de xaneiro, o Hostal dos Reis Católicos, en Santiago de Compostela, serve de marco ao **primeiro Encontro do Inter-grupo de nazóns sen estado no Parlamento Europeu**. Delegacións de forzas políticas nacionalistas dos Países Cataláns, Euskadi, Canárias, Escocia, País de Gales, Flandes, Andalucía e Canárias, á parte do propio BNG que actúa como organización anfitriona, analizarán o proceso de construción europea e o papel das nazóns sen estado de Europa no novo entramado institucional europeo, subscribindo unha declaración conxunta a prol dunha Europa Política e Social respeitosa coa diversidade nacional e cultural.

O BNG declara o seu apoio á Iniciativa Lexislativa Popular promovida por xornalistas da Compañía da Rádio- Televisión de Galicia que denuncian a manipulación partidista por parte do PP dos medios públicos e defenden reformas legais na elección dos cargos directivos da Compañía.

O 20 de xaneiro máis de 500 cargos políticos e institucionais do BNG, reunen-se en Santiago de Compostela, para respaldar a moción de censura promovida polo Grupo Parlamentar do BNG.

O 29 de xaneiro debate-se a moción de censura no Parlamento de Galiza. O candidato do BNG, Xosé Manuel Beiras, ao longo dunha exposición de máis de tres horas de duración vai desgranar as razóns políticas que fundamentan a presentación da moción, a crítica á actuación do goberno da Xunta, e as liñas políticas do goberno alternativo promovido polo BNG. O debate vai acadar unha grande repercusión social, servindo para pór en evidencia o desgaste e a falla de iniciativa do Goberno Fraga.

Os días 17 e 18 de febreiro ten lugar no Palácio de Congresos de Galiza, en Santiago de Compostela, a **IXª Asemblea Nacional do BNG**. As análises sobre o proceso de mundialización e a súa repercusión no contexto europeo, estatal e galego; o debate sobre a necesidade dun goberno nacionalista para Galiza e as liñas mestras que deben orientar a súa acción, así como sobre o papel que debe desempeñar o BNG nese novo contexto, centran os seus traballos. A Asemblea é destacada polos medios informativos como a “da preparación do asalto ao goberno” en consoancia co seu lema **“Compromiso co futuro. Responsabilidade de goberno.”** Á sesión de clausura asisten 2000 persoas.

EVOLUCIÓN ELEITORAL DO BNG COMPARANDO PROCESOS HOMÓLOGOS.

ELEIÇÕES AÓ CONGRESO DOS DEPUTADOS.

1986.....27.000 votos.
1989.....47.000 votos.
1993.....126.000 votos.
1996.....220.000 votos. (2 deputados).
2000.....306.000 votos. (3 deputados).

ELEIÇÕES AÓ PARLAMENTO EUROPEU.

1987.....45.000 votos.
1989.....39.000 votos.
1994.....131.000 votos.
1999.....350.000 votos. (1 deputado)

ELEIÇÕES MUNICIPAIS.

1983.....49.000 votos.
1987.....62.000 votos.
1991.....107.000 votos.
1995.....208.000 votos.
1999.....290.000 votos.

ELEIÇÕES AUTONÓMICAS.

1985.....52.000 votos. (1 deputado).
1989.....105.000 votos. (5 deputados).
1993.....270.000 votos.(13 deputados).
1997.....395.000 votos (18 deputados)

Colección Ideas impresas

Nº 0. O nacionalismo galego, hoxe. 2001

Nº 1. Orzamento participativo. 2002

Nº 2. Quebec: unha nación. 2003

Nº 3. A nova Europa: medra o mercado, agardan os dereitos. 2004

Nº 4. Galiza no Foro Social Mundial. 2005

Nº 5. Gobernar para transformar a dependencia. 2006

Nº 6. Economía Galega e Autonomía Política. 2006

Nº 7. Traballo e xénero. 2007

Nº 8. Neoliberalismo e desigualdade social. 2008

Nº 9. A evolución (perversa) da política social da Unión Europea. 2009

Edita

Fundación Galiza Sempre

Avda. Rodríguez de Viguri 16

15702 Santiago de Compostela

www.galizasempre.org